

O TEATRO NO PRIMEIRO TERZO DO S. XX: AS IRMANDADES, AS VANGARDAS E O GRUPO NÓS

O teatro de preguerra pode dividirse en catro etapas:

1. a do teatro rexional, representado polos precedentes das Irmandades
2. a das Irmandades da Fala, que supuxo o inicio dun teatro nacional
3. a das vangardas, coa inclusión do teatro galego na modernidade
4. o da época Nós, que supuxo a madurez e a universalización do teatro galego.

1. TEATRO REXIONAL

As primeiras mostras de teatro do s. XX relaciónanse coa preocupación dos rexionalistas por este xénero. Así, en 1903 crearon a **Escola Rexional de Declamación**, co obxectivo de estimular a produción teatral e aumentar o prestixio social da lingua. Aínda que esta escola só durou ata 1905, representou obras de diversos autores, entre as que destaca **A ponte** (1903), de Lugo Freire, que supuxo unha ruptura coa produción anterior polo emprego dun galego contemporáneo, polo uso da prosa (xa que foi o primeiro drama galego escrito en prosa) e pola crítica social contra as inxustizas que cometían os caciques. A partir de 1915 creáronse coros e agrupacións folclóricas en distintos puntos de Galicia que representaban pequenas pezas teatrais, sen complicacións escénicas, que incluían tipos populares ou reivindicacións rexionalistas ou as dúas conxuntamente.

2. O TEATRO DAS IRMANDADES

A actividade teatral destes coros e agrupacións folclóricas foron un bo caldo de cultivo para que as Irmandades dirixisen a súa atención ao teatro. En 1919 fundaron o **Conservatorio Nacional do Arte Galego**, que se estreou coa obra de Cabanillas, **A man de Santiña**, en 1921. Esta obra acabou cos tópicos da época anterior: non hai caciques, nin meigas, nin rapazas labregas asediadas, senón que presenta a lingua galega por primeira vez en boca das clases altas e rodeada de cultura e distinción. Ademais, transmite mensaxes en contra da emigración e a favor da fidalguía preocupada pola terra.

No ideario das Irmandades entendíase o teatro como vehículo para a dignificación da lingua e a expansión ideolóxica nacionalista pero non todos os membros entendían isto do mesmo xeito, de forma que se pode falar de dúas tendencias na creación dramática:

- a) **unha corrente conservadora** na que se inclúen autores como **Xesús San Luís Romero**, (O fidalgo e Rosiña) e **Xavier Prado Lameiro**, autor de sainetes cómicos (Monifates e Farsadas)
- b) **unha corrente renovadora** que aposta por un teatro máis moderno e culto e na que cómpre destacar a **Ramón Cabanillas**, autor de A man de Santiña, colaborou con Villar Ponte en O Mariscal, obra en verso de inspiración modernista que transmite a ideoloxía nacionalista das Irmandades da Fala a través da figura do mariscal Pardo de Cela. **Antón Vilar Ponte**, autor entre outras de A patria do galego(1905), drama en contra do caciquismo e en prol da emigración; Entre dous abismos ((1919), na que fala negativamente das supersticións e do matrimonio e Almas mortas que trata a influencia desgaleguizadora de América nos nosos emigrantes. **Armando Cotarelo Valledor**: intenta crear un teatro culto e moderno,

superador do costumismo e do ruralismo. Na súa produción teatral pódense establecer 4 ámbitos; *teatro labrego* con obras como Trebón(1922); *teatro histórico* con Hostia (1926); *mariñeiro*, no que cabe destacar Beiramar (1931); e *pacego*, coa comedia sentimental Sinxebra (1923). E **Leandro Carré Alvarellos**, que defendía un teatro máis urbano e refinado e con pezas máis longas e elaboradas. Escribiu máis de 50 pezas entre as que destacan Tolerías (1917), Para vivir ben casados (1918) e Rexurdimento (1918).

3. O TEATRO DAS VANGARDAS

A todos os problemas que xa de por si tiña a produción dramática galega, engadiuse nesta época outro máis: a represión que sufriu o teatro galego durante a ditadura de Primo de Rivera, que comezou en 1923.

O principal autor de teatro vangardista foi **Rafael Dieste** quen introduciu a dramaturxia galega na modernidade, evitando o tradicionalismo e o costumismo. Preocupouse pola estilización e achegou o teatro ás artes plástica. Todo nas súas obras ten significado; os movementos, a luz, os decorados, as pausas... todos actúan como símbolos.

Escribiu unha obra breve titulada O drama do cabalo de axedrez e A fiestra valdeira (1927), comedia simbolista na que se expón o conflito entre un indiano que volve rico da emigración e a súa muller e a filla que se avergonzan da orixe humilde do pai polo que o convencen para falsificala simbolicamente a través dun retrato que encargou que lle pintaran.

4. O TEATRO DA ÉPOCA NÓS

Elevaron o teatro galego ás cotas máis altas coñecidas ata entón. Vencellados ao nacionalismo e ao europeísmo, achegaron o xénero dramático a movementos modernistas como o simbolismo e o expresionismo. Procuraban seguir o modelo do “teatro da arte” que implicaba a estilización de todos os elementos: linguaxe, mímica, música, pintura, iluminación...sen esquecer elementos propios como o celtismo, o atlantismo e os modelos culturais de Portugal e Irlanda.

.**Vicente Risco**: autor dunha soa obra teatral, O bufón de El-Rei (1928), drama en catro pasos que se desenvolve na época medieval, e na que fai unha reflexión sobre a relación entre a deformidade física e a deformación moral.

.**Otero Pedrayo**: neste primeiro terzo de século escribiu dúas obras de teatro: A lagarada (1929), traxedia que supuxo un paso de xigante na dramaturxia galega ao introducir digresións líricas e elementos fantásticos, e Teatro de máscaras (1975), conxunto de pezas de tendencia simbolista nas que repite os motivos do resto da súa obra: a fidalguía, o progreso, a morte, a presenza do fabuloso e do irreal e a referencia a culturas estranxeiras.

Os vellos non deben de namorarse comezou a escribila **Castelao** en 1931 e a rematou en 1939 estando en Nova York, ademais, non foi estreada ata 1941 en Bos Aires, polo que hai que incluíla noutra etapa distinta.